

BASES QUE REXERÁN O PROCESO PARA CREAR BOLSA DE EMPREGO 2016 DE AUXILIAR AXUDA NO FOGAR PARA ESTE CONCELLO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA OCUPAR POSTO DE TRABALLO EN CASO DE VACANTE POR RENUNCIA, VACACIÓNS, ENFERMIDADE OU OUTRAS CAUSAS DO PERSOAL QUE ACTUALMENTE ESTÁ CONTRATADO, ASÍ COMO REFORZO DE DITO SERVIZO.

•PRIMEIRA: Obxecto.

A creación da Bolsa de Emprego 2016, para a contratación en réxime laboral con carácter temporal e mediante concurso-oposición, de prazas de Auxiliares de Axuda a Domicilio deste Concello, para ocupar o/s posto/s de traballo comentados en caso de vacante por renuncia, vacacións, enfermidade, baixa médica e outras causas do persoal que actualmente está contratado, así como de reforzo de dito servizo.

O contrato que se formalice (no seu caso) sería baixo a modalidade de "contrato por obra ou servizo de duración por días ou horas segundo as necesidades do servizo" respectando o cumprimento máximo de horas previstas na normativa vixente na materia.

As tarefas, obxectivos e contido do servizo serán basicamente as relacionadas no artigo 3º e 4º da ordenanza municipal de axuda no fogar e demais normas de aplicación concordante e complementarias con esta.

•SEGUNDA: Requisitos que deben reunir os/as aspirantes.

Para tomar parte no citado concurso-oposición, será necesario reunir os seguintes **REQUISITOS**, (debendo presentar xustificante dos mesmos):

- *Nacionalidade*: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como as/os descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

- *Idade:* Ter cumpridos 16 anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- *Titulación:* Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio; ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade (artigo 16.4 do Decreto 99/2012, do 16 de maio, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento).
- Estar en posesión do título que acredite ter realizado algún curso de "Auxiliar de Axuda no Fogar" ou cunha acreditación de realizaren formación relacionada coas funcións a desenvolver no posto de traballo, ou en condicións de obtelo na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- *Capacidade funcional:* Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- *Habilitación:* Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Neste suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Estar en posesión do *carné de conducir B*, e dispoñibilidade de medio de transporte.

TERCEIRA: Presentación de Solicitudes e admisión de aspirantes:

A) Presentación de solicitudes.

Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes No rexistro de entrada deste Concello, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992, (deberán indicar o seu número de teléfono e o seu

correo electrónico no caso de o ter), en horas de 9 a 14, dende a data de publicación de estas bases durante o prazo de CINCO días naturais dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (se o último día do prazo coincide en sábado ou inhábil, entenderase prorrogado ó seguinte hábil non sábado).

B) Admisión de aspirantes.

O día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as.

Na dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, indicarase a causa da exclusión e concedéndose o prazo de dous días para a subsanación de defectos, no seu caso.

Na mesma Resolución o Alcalde determinará a composición do Tribunal Cualificador e o día e hora en que deba reunirse para a valoración dos méritos alegados e para a realización da proba-test.

•CUARTA: Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador designado polo Alcalde estará integrado de conformidade co artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico de Empregado Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar, sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros.

•QUINTA: Procedemento selectivo.

O procedemento de selección será o concurso-oposición e constará das seguintes fases:

1.- Valoración de méritos.

Nesta fase atenderase aos seguintes criterios:

5.1.1 CURSOS:

- Por ter o título de Auxiliar de enfermería, **1 punto.**
- Cursos realizados relacionados coas funcións propias do posto de traballo segundo o baremo seguinte:
 - Cursos de 20 horas a 40 horas: 0,30 puntos.
 - Cursos de 40 horas a 60 horas: 0,50 puntos.
 - Cursos de 60 horas a 100 horas: 0,75 puntos.

- Cursos de 100 horas a 150 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.

A puntuación máxima a obter neste apartado é de 4 puntos.

Acreditación de méritos: orixinal ou copia compulsada dos mesmos.

5.1.2 EXPERIENCIA PROFESIONAL:

Por experiencia profesional en traballos idénticos aos das bases:
Tanto na Administración pública como na empresa privada: 0,1 punto por
mes traballado cunha **puntuación máxima de 3 puntos.**

Acreditación da experiencia: Mediante certificados de vida laboral expedidos
pola Seguridade Social e Contratos de traballo.

O prazo para a presentación desta documentación será o mesmo que o da
presentación das solicitudes.

5.2.- Proba Test con realización de preguntas sobre temario.

O Test versará sobre os méritos específicos adecuados as
características do posto.

No Test se realizarán vinte preguntas en relación o **temario** seguinte:

TEMA 1.- Características e necesidades de atención hixiénico sanitarias das
persoas dependentes.

TEMA 2.- Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes
no domicilio.

TEMA 3.- Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas
dependentes no domicilio.

TEMA 4.- Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes
no domicilio.

TEMA 5.- Apoio ás xestións cotiás das persoas dependentes.

TEMA 6.- Interrelación e comunicación coa persoa dependente e o seu
entorno.

TEMA 7.- Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas
dependentes.

TEMA 8.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas
dependentes.

**Cada pregunta contestada correctamente puntuará 0,20 puntos, cun
máximo nesta fase de 4 puntos.**

•**SEXTA:** A valoración de méritos e o test con preguntas sobre temario antes indicado, farase o día que se sinale no taboleiro de anuncios do Concello.

Unha vez valorados os méritos alegados e acreditados e rematada a fase de oposición (Test...), o Tribunal Cualificador elaborará unha proposta coa relación de aspirantes por orde de puntuación que elevará ao Sr. Alcalde-Presidente para que aprobe a bolsa de traballo específica coas persoas que se presentaran ó proceso selectivo. Ditas persoas deberán cumprir os prazos e requisitos establecidos nas bases de selección do persoal e ter sido consideradas aptas polo Tribunal para formar parte da bolsa de emprego.

•**SÉTIMA:** O horario de traballo será fixado, no seu momento no caso de que sexan contratadas, pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo.

•**OITAVA: Proceso de Chamamento.**

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva.

As persoas candidatas relacionadas na Bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación ata a próxima actualización de méritos, agás o establecido no apartado 8.2. e 8.3 das presente Bases.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1º. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas

2º. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas sitas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar un orden de preferencia.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante.

No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa. Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista. As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación.

No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

8.2. Renuncia e suspensión de chamamentos.

No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico.

A non remisión do documento que acredite a xustificación das devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificado e pasar ao final da lista.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

8.3. Exclusión.

Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.
- Renuncia a continuidade no desempeño dun posta de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posta de traballo en tres ocasións.

·NOVENA: Para o non previsto nestas Bases estarase ao disposto no RD 2720/98, en materia de Contratos Laborais para obra ou Servizo determinado, así como na Lexislación Reguladora da Contratación Laboral e Lexislación Civil e demais concordante e complementaria na materia.

VIXENCIA DA BOLSA DE EMPREGO.- O prazo de vixencia da bolsa de emprego será ata o 31 de decembro de 2016.

Estas bases expóñense ao público por un período de cinco días naturais dende súa exposición ao público ao obxecto de reclamacións.

Amoeiro a 9 de maio de 2016.

O Alcalde,



Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.